



CIRCULAR 187-2024

CONTROL FGA PC- 29/12/2024 (Xornada de mañá)

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 29 de decembro de 2024 en Expourense (Ourense).

Art.2) Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, dende a categoría Sub 16, permitíndose ós atletas Sub 14 e Sub 16 de último ano participar nas probas da categoría inmediatamente superior.

- En caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina (<https://atletismorfea.es/user/login-registro>) ata as 20:00 horas do luns 23 de decembro.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2023 e 2024.No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.

Art.4) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5) Na proba de triplo salto os atletas terán 4 intentos.

Art.6) Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	5'
Carreiras con valos	7'
´Triplo	20

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.7) Horario: poderá ser modificado segundo necesidades do Campionato.

HORARIO CONTROL 29/12/20213- XORNADA DE MAÑÁ			
HORA	CARREIRAS	CAT/MODALIDADE	Triplo
10:10	60 MV	Abs Homes	Homes
10:30	60 mv	Sub 20 Homes	
10:38	60 MV	Sub 18 Homes	
10:48	60 MV	Sub 16 Homes	
10:58	60 MV	Abs Mulleres	
11:06	60 MV	Abs Mulleres	
11:14	60 MV	Sub 16-18 Mulleres	
11:22	60 MV	Sub 16-18 Mulleres	
11:40	3000	Homes	Mulleres
12:40	3000	Mulleres	

Art.8) A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club, salvo que sexan independentes. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Nas 48 horas previas e na propia competición, calquera baixa ou a non participación final terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA servizos@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Inscricións fora de prazo: 6 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada. servizos@atletismo.gal

Art.9) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 17 de decembro de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo